

Reunido o día 18 de xaneiro de 2024 o Tribunal das probas selectivas referidas no encabezamento, da Universidade de Santiago de Compostela,

ACORDA publicar as seguintes instrucións e criterios de corrección do terceiro exercicio do proceso selectivo:

1. O terceiro exercicio consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico práctico, proposto polo Tribunal e relacionado co contido do programa específico, no que os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.
2. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 20 minutos por aspirante.
3. O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos.
4. O exercicio constará de 5 probas prácticas ou teórico prácticas. A primeira terá unha valoración de 4 puntos, a segunda e a terceira terán unha valoración de 5 puntos cada unha, a cuarta terá unha valoración de 6 puntos e a quinta terá unha valoración de 10 puntos. Teranse en conta para a valoración das probas os seguintes parámetros: o tempo de realización de cada unha delas, a corrección das respostas ás cuestións plantexadas, a utilización e manipulación adecuada do material que se facilite e as técnicas e calidade de realización das probas que se propoñan.
5. Para realizar este exercicio os aspirantes deben ir provistos de bolígrafo.
6. Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
7. Consonte coa base 7.2 da convocatoria as persoas aspirantes poderán, no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, presentar reclamacións ás preguntas formuladas no exercicio.

Asimesmo, o Tribunal **ACORDA** convocar ós aspirantes para a realización do terceiro exercicio dacordo coas horas que se indican para cada aspirante no **anexo I**.

Santiago de Compostela
O presidente do Tribunal
Victor Manuel Arce Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I

Horas para a realización do 3º exercicio

Día: **25 de xaneiro** (xoves)

Lugar: Sala de Formación do **Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)**, sito na Avda. Mestre Mateo, 41, Santiago de Compostela

HORA	APELIDOS E NOME	DNI
9:30 h	Vélez Vélez, David	***3810**
	Álvarez Estrada, Álvaro	***6335**
	Cendán Pérez, Silvia	***9888**
11:00 h	Cutrín Lobato, Juan Manuel	***8336**
	Gaciño Vicente, José Francisco	***3781**
	Lueiro Nogareda, Marta	***4693**
12:30 h	Matilla Mosquera, Natividad	***3280**
	Meilán Pacio, Laura	***4564**
	Mosquera Corral, Yolanda	***5508**
16:00 h	Pazos Crespo, Manuel	***3350**
	Romero Chouza, David	***3766**
	Sendón Lago, Juan José	***2313**
17:30 h	Silva Tojo, Juan Manuel	***4595**
	Gaciño Vicente, Yésica	***3781**

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICTOR ARCE VAZQUEZ, NIF ***4634**, 19/01/2024 12:15:49.

CSV: 6D4B-CD84-4126-BD8C